

ANEXO 1

SINATURA DIXITAL RECOÑECIDA NOS DOCUMENTOS VISADOS

Co obxecto de conferirle ós documentos visados electronicamente unha maior capacidade para a verificación por parte de terceiros (concellos, propiedade, etc.), o COAG incorporará ós arquivos PDF visados unha sinatura dixital recoñecida, isto é, consonte ó artigo 3.3 da Lei 59/2003 de *Firma Dixital*.

1. ¿QUE SUPÓN?

A inclusión da sinatura dixital sobre o arquivo PDF non supón modificacións do contido do proxecto, senón que establece un mecanismo de control de identidade de quen realiza o visado (o arquitecto de visado do COAG) e da integridade do documento (non foi modificado). A utilización dun certificado recoñecido na sinatura dixital garante plenamente estes mecanismos de control.

2. ¿COMO SE PODE VERIFICAR A SINATURA DO DOCUMENTO?

2.1. Requirimentos

Calquera persoa poderá realizar a validación do documento dixital de xeito gratuíto, para o cal terá que:

1. Dispoñer do lector de PDF *Adobe Reader*, que é gratuíto e se pode obter en <http://www.adobe.es>
2. Estar conectado a Internet no momento de verificala sinatura.


2.2. Procedemento de verificación

Si se dispón dos medios anteriores, ó abrir o documento PDF o Adobe Reader tentará verificar a sinatura. Se o documento está asinado dixitalmente, aparecerá marcada a solapa de firmas e un símbolo indicándoo. Ademais, se o documento está protexido, tamén figurará a icona correspondente.


Na seguinte figura esquematízanse os distintos pasos para proceder á verificación da sinatura dixital unha vez aberto o arquivo:

- 1 Se o documento está asinado dixitalmente, amosarase a pestana de firmas e figurará unha icona indicándoo.
- 2 Premendo na icona poderemos acceder ás propiedades de firma e seguridade, así como as instrucións para realizar as verificacións.
- 3 Premendo na pestana de firma, amosarase a información detallada desta (identidade de quen asina, data e hora, razón e validez).
- 4 Dende a sinatura dixital, podemos acceder ó certificado co que esta foi realizada.
- 5 Os detalles do certificado (Entidade emisora, entidade vinculada, períodos de validez, etc.) tamén poden ser verificados.


1




2



3




4



Os arquivos visados dixitalmente quedan protexidos contra extracción e modificación de contidos. En calquera caso, a propia sinatura proporciona un mecanismo para verificar se o arquivo sufriu algunha alteración desde que se asinou. Pódese acceder á versión do arquivo asinada orixinalmente.



Sinatura de documento alterado



Comprobación de orixinal de documento alterado

3. Conclusión

Deste xeito, de modo gratuito e sinxelo, calquera persoa (administración, propiedade, etc.) pode verificar a identidade do asinante e a integridade do documento, aportando os arquivos dixitais do proxecto, por separado, ou conxuntamente coa súa versión impresa. Se só se dispón da versión impresa, a verificación está supeditada á confianza de quen recibe o proxecto, ó igual que nas modalidades de visado físico (pegatina ou selo de tinta).

Este mesmo documento pode atoparse asinado dixitalmente, a modo de exemplo, na dirección:

<http://www.coag.es/serviciosdixitais/descargas/exemplosinatura.pdf>

4. Máis información

- <http://www.coag.es/serviciosdixitais>
- Web de Adobe: www.adobe.es
- Guía elaborada polo Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) sobre o a sinatura electrónica:

http://www.coag.es/serviciosdixitais/descargas/Guia_Sinatura_Electronica.pdf